

Gabanza de Manuel Lourenzo, Profesor Honoris Causa, ESAD,

Vigo 15 de febreiro de 2017

Manuel Bragado

É unha honra ser convidado pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia para pronunciar unhas poucas palabras con sentido sobre Manuel Lourenzo no día que será investido como Profesor Honoris Causa deste centro. Un privilexio que moito agradezo ao seu director Manuel Vieites García e a súa subdirectora Cristina Domínguez, como ao conxunto da comunidade educativa da Escola. A honra que rendemos hoxe ao mestre Manuel Lourenzo honra tamén a ESAD como centro público de educación teatral. Parabéns, pois, a Lourenzo e á ESAD.

Non hai dúbida ningunha de considerar a Manuel Lourenzo o gran mestre do teatro galego. Como no pasado mes de novembro lembrou o escritor Xabier Docampo na presentación de *Nunca paraíso*, “Manuel Lourenzo é mestre de actores, directores, dramaturgos e de estudosos do noso teatro. Mais tamén o é da creación dun discurso dramático en Galicia, da obra e do oficio dramatúrxico. Lourenzo deixou unha impronta que se reconece nas persoas que educou teatralmente. Como tamén é mestre no sentido pedagóxico, é un pedagogo do teatro, creou unha escola de teatro, camiñou a carón dos que estaba tutelando e aprendendo”.

Ninguén, pois, máis acaído que Manuel Lourenzo para recibir esta primeira distinción da ESAD, un profesor dunha bastísima cultura, lector incansable de clásicos e contemporáneos, posuídor dunha memoria enorme, orador, conversador, conferenciante, un mestre de quen se aprende en cada unha das súas intervencións, de quen hoxe moito aprenderemos.

Sabemos que Manuel Lourenzo fixo do teatro a súa forma de estar no mundo, escribindo para a escena, dirixindo, interpretando, investigando sobre o feito teatral, debuxando, iluminando, xestionando e ensinando. Xustificou esta dedicación ao conxunto das actividades teatrais confesando que o teatro lle ensinara a resistir e o axudara a respirar, declaración sorprendente de humildade para quen durante cinco décadas foi a trabe de ouro do soño colectivo de construír un teatro para Galicia.

“Un país que non se pode expresar teatralmente non existe como tal. Non pode haber pobo ou nación sen teatro que represente todas as aventuras humanas nin xente que as exprese e que as critique. Unha nación que non poida ter teatro, que non poida ter unha praza pública para expresarse e para debater as grandes controversias humanas, non existe como tal. En definitiva, sen teatro non hai país”.

Son palabras que escoitamos hai uns meses a Lourenzo na presentación que compartimos do seu último libro reivindicando a reincorporación do teatro á vida pública en Galicia. Eis unha das súas angueiras: a da construción dun teatro galego comarcalizado e profesionalizado.

En “Respiración asistida”, un artigo en *Primer acto*, Lourenzo confesa o carácter comunitario do feito teatral: “Hoxe sei, por que o vivín e ademais mo dixo Isaac Díaz Pardo, que o teatro comeza con “berros na praza”. Alguén chega e dá voces, convoca e reúne, conta e fainos partícipes”. “O teatro é un diálogo social entre a máscara que representa as actitudes e comportamentos da xente, representadas polos personaxes, e o público que asiste á representación.”

Emporiso, como ten expresado nunha entrevista a Montse Dopico, para el “o propio teatro é unha máscara, cando póns a máscara do personaxe que aprendiches, estás activando a parte exterior da máscara, para despois volver a ser quen somos”. “É un xogo, como o mito, que enmascara a realidade para embelecela, para dar medo ou para revelala”. Xaora, o papel

de teatro, para Lourenzo, é expór os comportamentos humanos á vista de todos, quitando a máscara para facer que o espectador se pregunte como obraría nunha situación semellante”. O teatro para el é diálogo, dicionario, coñecemento, libro, voz, corpo, luz, pracer e diversión. Unha actividade que se fai con persoas fortes e cunha lingua potente e orgullosa. O teatro é un reflexo do seu tempo.

Nacido o 15 de abril de 1943 en Ferreira do Valadouro, ao pé da Frouseira, e sentindo a Serra de Xistral, alí mamou os primeiros contos e debullou os mitos fundacionais, que no seu maxín dialogarán sempre cos clásicos de Fedras e Antígonas. Para Lourenzo os mitos permiten falar de comportamentos que xa estaban aí dende hai séculos, pero que hai que presentar con mentalidade de hoxe.

Comezou a súa actividade teatral aos dezasete anos, en 1960, cando leu en público a súa primeira peza *O moucho* nos locais da Asociación Cultural Iberoamericana que na Coruña impulsaba o poeta Miguel González Garcés. Entre os anos 62 e 64 viviu en Alemaña para o seu regreso á cidade da torre estudar Maxisterio, comezando a súa vinculación co mundo educativo que o levaría a traballar durante uns cursos como profesor de EXB.

Naqueles anos sesenta comezou as súas actividades teatrais e comezou a ler textos teatrais da colección particular de Francisco Pillado Rivadulla, pai do seu amigo, para el un auténtico irmán, o editor Pancho Pillado Maior, e máis tarde da biblioteca de Leandro Carré con que tamén amizaría, contando tamén no seu descubrimento do teatro galego coa axuda do profesor Ricardo Carballo Calero.

No ano 1965 participou na creación e actividades do Grupo Independente de Teatro O Facho e dirixe os primeiros espectáculos: *Poemas* de Pimentel,

Cousas de Castelao e a farsa *O cabalo do cabaleiro* de Carlos Muñiz. Tamén nese ano traducirá *Terror e miserias do III Reich* de Bertold Brecht, iniciando un labor como tradutor que o levará a anosar para o galego a Shakespeare, Valle ou Genet entre outros moitos autores.

Daquela tamén animará o Grupo de Teatro de Maxisterio e colaborará coa Agrupación Teatral Tespis da Coruña, dirixindo obras de Ionesco, Beckett e August Strindberg. Ademais de realizar varios programas en Radio Coruña e Radio Nacional sobre Castelao.

Comprometido coa causa da lingua en 1967, fundou o Teatro Circo, o primeiro grupo teatral independente galego, ao que están ligadas as súas primeiras pezas: *Tres irmás parvas* (1969), *Romería ás covas do demo* (1969), *Crónica do sol de inverno* (1971), *Erros e ferros de Pedro Madruga* (1972).

Nesa fecunda factoría do Teatro Circo, que montaba en teatros, bares, institutos e locais culturais, Lourenzo dirixirá nos difíciles anos do tardofranquismo, entre outras moitas, pezas como *Terra en lume, poemas e cartas de Rosalía de Castro* (1970), que sería prohibida pola censura “por atentarse contra a sagrada unidade de España”; *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (1973) de Gabriel Feixoo de Araúxo, na que contará coa colaboración do seu mestre José Estruch; o seu *Macbeth*, que traduciu e dirixiu para a III Mostra de Teatro Abrente de Ribadavia; ou *A longa viaxe do capitán Zelta* que escribiu en colaboración con Xaquín Marín, estreada no mes de xuño de 1976 no teatro da Universidade Laboral da Coruña, función á que eu tiven o privilexio de asistir; e *Os vellos non deben namorarse* de Castelao no auditorio de Sargadelos en Cervo en setembro de 1977.

Naquel momento de renacemento, Lourenzo pretendeu entroncar o teatro galego co teatro independente español. Manuel rexeitaba o modelo de

“teatro para ler” de Ramón Piñeiro e quería facer teatro, levar os textos á escena. Nas súas palabras: “Pretendía que se manifestasen no teatro as ansiedades da nosa xeración confluentes coas das revoltas do 68 en Francia”.

Foi no ano 1975 cando comezou Lourenzo a publicación dos seus textos dramáticos, *Romería ás covas do demo* na editorial Pico Sacro e *Tacholas* en Edicións do Castro, aos que seguirá *Viaxe ao país de ningures* (1977) en Galaxia. Será tamén no 77, hai pois corenta anos, cando publique *Teatro Infantil Galego*, o primeiro número daqueles *Cadernos da Escola Dramática Galega*, o seu primeiro proxecto editorial, unha actividade que Lourenzo xa nunca abandonaría.

Tras realizar os cursos do Institut del Teatre de Barcelona, en 1978 fundou o proxecto da Sociedade Cooperativa Escola Dramática Galega, iniciándose os camiños de profesionalización do teatro galego. Daquela será cando deixa a escola para aspirar vivir para ao teatro, apostando por representar dous textos de Álvaro Cunqueiro *O incerto señor do Hamlet, príncipe de Dinamarca*, *A noite vai como un río* e *Muller de mulleres* sobre textos de don Álvaro e de Otero Pedrayo. Lourenzo sempre valorou o teatro de destes dous clásicos galegos “pola súa organicidade, polo seu peso, pola súa consistencia”. Neste período continúa recibindo premios como o Abrente por *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza* e colaborando con Pancho Pillado en publicacións didácticas de temática teatral como *O teatro galego* (1979) en Edicións do Castro e desenvolvendo os Cadernos da EDG, tanto no ámbito da investigación como da creación teatral.

Dous anos despois embárcase no proxecto da compañía Luís Seoane (1980), con local de seu, na coruñesa rúa de Alfredo Vicenti, onde

desenvolve un repertorio profesional, con atención preferente aos clásicos (Sófocles, Strinberg, Pusckhin, entre outros), aos que confesou recorrer “para aprender porque son un exemplo vivo de cómo se propoñían as cousas”, e unha liña de publicacións, a colección Castrodouro, co seu inseparable amigo Pancho Pillado. Neste período coproducirá co recién creado Centro Dramático Galego *Fausto, lenda áurea dos santos da montaña*, sobre textos de Goethe e Marlowe, e continuará traducindo e publicando.

En 1990 promove o Clube Teatral Elsinor e a colección de textos homónima. En 1997 foi recoñecido co Premio Nacional de Literatura Dramática polas súas *Veladas indecentes*, premio que un autor dramático galego obtiña por vez primeira. E xa, por último, en 1997 promove con Santiago Fernández o estudio CasaHamlet e a compañía homónima, onde desenvolve un labor de formación actoral e de editorial, eis a revista de teatro *CasaHamlet*, como é adoito en todos os seus proxectos.

Manuel Lourenzo é o autor de textos teatrais máis prolífico da literatura galega. O seu catálogo está formado por duascentas pezas breves e por unhas sesenta de entre unha e dúas horas, das que seis permanecen inéditas. Unha auténtica proeza que continúa en marcha.

Entre a súa produción recente máis destacada debemos citar *O circo da medianoite* (1997); *A larva furiosa* (2003); *As horas baixas* (2008), *Flores de Dunsinane* (Xerais, 2010), Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais e a máis recente, *Nunca paraíso* (2016), onde reuniu trinta e nove das súas pezas breves, escritas entre 1973-2015. Neste momento Xerais prepara a edición de *Suite Artabria*, último Cunqueiro.

Lourenzo continúa escribindo de forma disciplinada os seus “autoencargos”, esas pezas que considera debe escribir, ampliando así o catálogo dese teatro intelixente, combativo e culto no que cre. Un teatro

escrito para todas as necesidades, mais sempre comprometido coa sociedade na que vive. Unha traxectoria que foi estudada por Pablo Rodríguez no libro *Manuel Lourenzo. Vivir para o teatro*, publicado por Uvegá Teatro, e un catálogo constantemente actualizado polo seu amigo Isaac Ferreira e a súa compañeira Montserrat Modia. Como tamén debemos citar *Palabra e acción, a obra de Manuel Lourenzo no sistema teatral galego* (2006) coordinado por Roberto Pascual, profesor desta ESAD, como outros colaborades desta obra.

Como lembrou Henrique Rabunhal na fermosa laudatio que preparou en 2007, cando Manuel Lourenzo foi homenaxeado pola AELG no seu Valadouro natal coa Letra E, colaborou con moitos grupos como Titiriteiros do Norte ou a Compañía Dorotea Bárcena. Dirixiu para o Centro Dramático Galego. Traballou co Teatro do Atlántico, Teatro do Alvardán, Grupo de Teatro Universitario da Coruña, Os Quinquilláns, Cinco+1, Uvegá Teatro e Balea Branca. Exerceu con Bagoada teatro, Barralivre, Berenguela, Vichelocrego teatro, Agrupación Teatral Mariñán, Grupo Raiolas, Grupo A Bóveda e algúns outros.

Dirixiu espectáculos como *Electra*, *Copenhague*, *Magnetismo*, *O avión paranoico...* Recibiu numerosos premios: Abrente (1978), Artur Carbonell (1983), Teatro de Cámara Ditea (1985), Rafael Dieste (1996, 1999), Marisa Soto, Maruxa Villanueva, Premio Nacional da Cultura Galega de Artes Escénicas (2008), Premio Otero Pedrayo (2011) e agora este recoñecemento como Profesor Honoris Causa da ESAD.

No mundo audiovisual a súa presenza é visíbel en traballos videográficos, cinematográficos e televisivos. Lembremos o seu personaxe de Melgacho en *Mareas vivas* ou a súa participación en *Terra de Miranda* e as longametraxes *O baile das ánimas* ou *O lapis do carpinteiro*. Traballou ás ordes de Chano Piñeiro, Vidal Bolaño, Euloxio Ruibal, Antonio Simón,

Ángel de la Cruz, Jorge Coira, Antón Reixa ou Xosé Cermeño e fóra de Galiza en traballos de Jean-Pierre Jeanneson e de José Briz.

Remato. Manuel Lourenzo é o mestre do teatro galego. Sei que as súas obras e as súas ensinanzas deixarán a pegada dos clásicos. Posúe todas as virtudes do teatro. Mantén a súa vida para o teatro, para a escrita dramática, para a lectura, para a dirección e para a formación de actores e actrices. A sua vontade teimosa faino continuar activo coa ilusión e as angueiras de hai cincuenta anos cando dirixiu *A feira dos criados* de Bertold Brecht. A nosa admiración e gratitude para el, para un dos grandes mestres da cultura galega do noso tempo.

[As referencias á actividade de dirección teatral e participacións no mundo audiovisual están tiradas directamente da laudatio de Henrique Rabuñal, a quen moito agradezo a información]